

CARBALLO

[Volver](#)

Os magostos chegan esta noite a Baio, Cances e Corme

La Voz | 9/11/2007

As castañas asadas serán as protagonistas das festas que hoxe se celebran en Baio, Cances e Corme. No primeiro caso, o magosto, que tamén inclúe viño para todos os asistentes, realizarase, a partir das nove da noite, nun baixo do edificio Praza e estará amenizado polos grupos de gaitas e pandereiteiras de asociación cultural Adro, a entidade que organiza a festa.

En Corme, o magosto, organizado polo departamento de Cultura do Concello de Ponteceso, realizarase no pavillón a partir das dez da noite e tamén haberá música de gaitas, ademais de xogos populares e bailes.

Pola súa banda, os veciños da parroquia carballesa de Cances inician esta noite as festas de San Martiño, que mañá, a partir das oito, levarán ao centro do pobo as castañas asadas, viño, chocolate e biscoitos, ademais da música dos gaiteiros de A falsa escuadra e Trastes. Hoxe haberá un concerto, a partir das dez, con Portakomporta, The Cerne, Moondogs Blues Party e The Oak Band.

Tamén en Paisaco celebran o San Martiño, neste caso cunha cea na que haberá todo tipo de manxares do porco e tamén verbena.



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Comercializa publicidad local:

Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

Comercializa publicidad nacional:

R.M. de A Coruña: tomo 2438 del Archivo, Sección General, folio 114 vto., hoja C-2141. CIF: A-15000649.